

Dende o curso 2017-18, o CPR Plurilingüe San Fermín – PP. Somascos forma parte dun Consorcio da Deputación de Pontevedra que participa no proxecto Practicum Depo, dirixido a alumnos de ciclos formativos, para realizar prácticas en empresas e institucións estranxeiras.



Na actualidade temos dous alumnos con bolsas de mobilidade en Portugal. Trátanse de **Fabiola Padín Castiñeiras** do ciclo medio de Actividades comerciais, e **Jonathan Padilla Santacruz** do ciclo medio de Xestión Administrativa.

Fabiola, leva 6 meses traballando na tenda **Trendylovers** do Centro Comercial **Campo Pequeno** en Lisboa; Jonathan, catro meses na empresa **One Clinics Oeiras/Cefireco** no municipio de Oeiras.

Despois de todo este tempo cóntannos a súa experiencia:

- **¿Recomendarías esta experiencia?**  
**Fabiola:** Si que a recomendaría xa que é una experiencia única chea de aprendizaxe e serve para cumprir metas na túa vida.  
**Jonathan:** Si, sen dúbida algunha, porque aprendes novas cousas.
- **¿Como foron as primeiras semanas?**  
**Fabiola:** Foron un pouco estrañas debido ás circunstancias nas que estiven os primeiros días.  
**Jonathan:** Ó principio foi un pouco raro xa que non se coñece o lugar, lugar de traballo, o transporte, etc.
- **¿Costouche adaptarte?**  
**Fabiola:** A verdade que non me costou moito adaptarme ó sitio nin á cultura, pero si que tiven un pequeno problema no primeiro sitio onde vivía, pero despois, unha vez que me mudei, todo foi mellor.  
**Jonathan:** Non, é una cidade tranquila e está todo ben organizado, o transporte, os supermercados, as tendas, parques etc.
- **¿Botas de menos a familia, amigos, etc. estando lonxe?**  
**Fabiola:** Si, xa que aínda que fixen novos amigos e estou contenta no meu traballo, nunca se deixa de botar de menos a familia.  
**Jonathan:** Si, pero coñeces xente nova de todos os países, amigos novos que tamén están de Erasmus e isto axuda na estancia noutro país.
- **¿Foi unha barreira para ti o idioma?**  
**Fabiola:** Ó principio costoume un pouco pero nunca foi unha barreira, xa que é parecido ó galego e aprendín rápido e tamén ensinei ós meus compañeiros de traballo o meu idioma.  
**Jonathan:** Non, xa que é un pouco parecido ó galego e tamén ó estar no traballo continuamente escoitado falar, se che fai máis fácil.
- **¿Melloraches nalgún aspecto dende que empezaches ata o de agora?**  
**Fabiola:** No aspecto laboral aprendín moitas cousas que antes non sabía, como por exemplo a facer un inventario. Ó ser tendas pequenas o contacto cos meus xefes é moi cercano e podes ver o que implica ter unha empresa e aprender diso. Respecto ó persoal, aprendín a madurar e a ser máis independente.  
**Jonathan:** Si, aprendes moito no traballo pero tamén aprendes a resolver novas situacións e novas experiencias que se poden adquirir estando noutro país.
- **De todo o aprendido no ciclo, ¿que é o que máis podes aplicar?**  
**Fabiola:** As estratexias de contacto co cliente, a xestión económica, a xestión do stock da tenda...  
**Jonathan:** Os programas informáticos, a contabilidade, a organización, etc.
- **¿Cal sería o teu obxectivo nun futuro a longo prazo?**  
**Fabiola:** Teño dous en mente, o primeiro sería montar unha empresa. Se iso non fose posible, ser representante dunha firma.  
**Jonathan:** -
- **¿Que consello darías a alguén que se vaia a traballar a outro país?**  
**Fabiola:** Desfrutar ó máximo e non pensar nos meses que ten que estar fóra.  
**Jonathan:** Que sexa atrevido nas novas situacións, e que aínda que ó principio sexa raro, co paso do tempo será increíble.
- **¿Estás contenta/o neste traballo?**  
**Fabiola:** Si, o malo é que hai momentos ou épocas nos que hai menos xente na tenda e faise máis aburrido.  
**Jonathan:** Si, bo horario e os fins de semana podo coñecer esta cidade.
- **¿Sénteste valorada/o no teu traballo? ¿Trátante como unha/un máis ou teñen algunha diferenza de trato contigo polo feito de ser de fóra?**  
**Fabiola:** Síntome valorada polos meus xefes e compañeiros. Pola maioría de clientes tamén, pero si é verdade que algún ten feito comentarios de españois sen saber que eu o era.  
**Jonathan:** Si, xa que hai moito traballo. O trato é perfecto son todos moi amables e trátanme como un máis.